

CONCELLO DE CARBALLO  
C.I.F.: P1501900C  
Praza do Concello S/N  
Teléfono 981 70 41 00  
www.carballo.gal  
infocarballo@carballo.gal  
15100 CARBALLO  
A Coruña

8/08/17  
24/08/17



## RESOLUCIÓN

**Concesión provisional de subvencións dirixidas a entidades deportivas para o financiamento de organización e participación en fases finais de ascenso a competicións nacionais e campionatos de España durante o ano 2017.**

Propónse ó Sr. Alcalde dite a seguinte resolución:

Na sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 5 de xuño de 2017 foron aprobadas as "Bases xerais e específicas da convocatoria de subvencións en materia de deporte dirixidas a entidades deportivas durante o ano 2017 do Concello de Carballo".

Na mesma sesión foron aprobadas as "Bases específicas da Convocatoria do programa de subvencións dirixidas a entidades deportivas para o financiamento de organización e participación en fases finais de ascenso a competicións nacionais e campionatos de España durante o ano 2017".

Posteriormente publicáronse no Bop da provincia de A Coruña nº 110, de 13 de xuño de 2017, e no Bop da provincia de A Coruña nº 114, de 19 de xuño o correspondente extracto, relativo á Base Nacional de Datos de Subvencións.

De acordo coa base 9 das Bases reguladoras Xerais, por decreto de alcaldía do 31 de xullo, designáronse os membros da Comisión Avaliadora, que celebrou a súa xuntanza o día 31 de xullo de 2017.

Vista a acta da xuntanza e o informe do servizo de fomento e programas deportivos, esta Alcaldía RESOLVE:

**Primeiro.-** Conceder provisionalmente as subvencións dirixidas a entidades deportivas para o financiamento de organización e participación en fases finais de ascenso a competicións nacionais e campionatos de España durante o ano 2017 ás entidades que se relaciona no anexo 1, polos importes que se indican, con cargo á aplicación 3410/4890000 "Subvencións fomento deporte non nominativas" do Orzamento Municipal en vigor. (RC201700015820), sendo o importe total proposto de 8.800,00 €, estando previstos inicialmente 10.000,00 €.

**Segundo.-** Exonerar a tódolos beneficiarios da constitución de garantía necesaria para importes de subvención que excedan de 3.000,00 €, segundo o previsto nas bases xerais da convocatoria, en conformidade ó previsto no artigo 42 do Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, xa que declaran insuficiencia financeira para asumir os gastos que se derivan do proxecto subvencionado.

**Terceiro.-** Ordear a publicación desta resolución no taboleiro de anuncios do concello de Carballo e na páxina web municipal <http://carballo.gal/deporte/portada.php> e abrir un prazo de 10 días hábiles para que as entidades solicitantes comuniquen, ben o desestímulo da solicitude, a reformulación ou o cambio de obxecto, ben para, de o estimar oportuno, presentaren alegacións. No caso de non formular desestímulo expreso, a subvención considerarase aceptada tácitamente. Resoltas as alegacións, se as houbera, concederanse con carácter definitivo as subvencións en materia de deportes pola Xunta de Goberno Local ou, no seu caso, pola Alcaldía. A resolución de concesión provisional non crea dereito ningún a favor da entidade beneficiaria proposta fronte ó Concello de Carballo mentres este non lle notifique a resolución definitiva de concesión.

CONCELLO DE CARBALLO  
C.I.F.: P1501900C  
Praza do Concello S/N  
Teléfono 981 70 41 00  
www.carballo.gal  
infocarballo@carballo.gal  
15100 CARBALLO  
A Coruña



Exp. 2017/G003/000480

**Anexo 1.- Subvencións concedidas para o financiamento de organización e participación en fases finais de ascenso a competicións nacionais e campionatos de España durante o ano 2017.**

Entidade Solicitante	Cif.	Obxecto	Puntos	Importe Outorgado	Orzamento Subvdo. a Xustificar
Agrupación Deportiva Fogar	G15160773	Campionatos de España de Natación	71,76	1.200,00 €	3.571,00 €
Agrupación Deportiva Fogar	G15160773	Campionatos de España de Triatlón	30,59	600,00 €	1.216,00 €
Bergantiños F.C.	G15116775	Fase de Ascenso a 2ªB	99,41	2.500,00 €	6.403,70 €
Escolas Balonmán Xiria	G70046362	Fase de Ascenso División de Honra Prata	90,00	3.000,00 €	9.000,00 €
Escolas Balonmán Xiria	G70046362	Campeonato Estatal de Balonmán	44,41	1.500,00 €	2.300,00 €

Asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

Alcalde  
Evencio Ferrero Rodríguez

Secretario  
José Villán Fuertes